

# *Pallares dixital*

Revista do CPI Tino Grandío – Guntín – Lugo

Nova época - Ano XVI - Nº16



## ÍNDICE

BLOGS E PÁXINAS DO CENTRO.....	2
CARTA ABERTA... A QUEN CORRESPONDA .....	3
MANUEL MARÍA (LETRAS GALEGAS 2016).....	4
PROXECTO ETWINNING: <i>LET'S COOK TOGETHER</i> .....	9
ETWINNING PROJECTS: <i>CALL ME MAYBE</i> .....	10
DE BURGOS A CANTABRIA.....	11
ENTREVISTA A REID WAGNER .....	13
ACTIVIDADES DIVERSAS DESENVOLVIDAS ESTE CURSO.....	15
ORLA DE 4º DE ESO .....	34

## BLOGS E PÁXINAS DO CENTRO

- [PÁXINA WEB DO CPI TINO GRANDÍO](#)
- [BIBLIOTECA DO CPI TINO GRANDÍO](#)
- [CLUB DE LECTURA](#)
- [BLOG PROXECTO ABALAR](#)
- [BLOG DE 5º DE EDUC. PRIMARIA](#)
- [A PATRULLA VERDE \(6º EDUC. PRIMARIA\)](#)
- [INVESTIGACIÓN E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN \(1º ESO\)](#)
- [BLOG SECCIÓN BILINGÜES DE 3º E 4º ESO](#)
- [CALL ME MAYBE \(PÁXINA WEB DO PROXECTO ETWINNING DESTE CURSO\)](#)
- [CALL ME MAYBE \(BLOG DO PROXECTO ETWINNING DESTE CURSO\)](#)
- [BLOG DAS RUTAS LITERARIAS 2012](#)
- [BLOG DE LET'S COOK TOGETHER \(PROXECTO ETWINNING 2014-2015\)](#)



## CARTA ABERTA... A QUEN CORRESPONDA

A Patrulla Verde

Somos 12 nenos e nenas do CPI Tino Grandío de Guntín. Formamos parte dunha realidade multicultural. A maioría nacemos en Galicia, pero algún de nós naceu en Italia, en Marrocos, en Brasil...



Si, somos nenos e nenas que aínda nos quedan moitas cousas por saber, pero que aprendemos a convivir cada día co moito que nos une e co moi pouco que nos separa. Nenos e nenas aos que nos ocupa e preocupa moito o mundo que herdaremos, aos que se nos racha algo por dentro cando vemos a outros coma nós fuxir das guerras, das inxustizas, da fame, alancando cara a un mañá cheo de anoiteceres e incertezas.

Non, aínda non sabemos moitas cousas, pero aprendemos que non podemos nin queremos esquecer a Aylan Kurdy e a moitos coma el. E aprendemos a non falar hoxe de fútbol, nin de videoxogos nin de paraísos fiscais, porque o único paraíso que coñecemos e defendemos é a infancia.

Queremos falar de Lesbos, de Idomeni... e de moitos outros lugares, ás veces moi perto de nós, onde nenos e grandes agardan polo noso compromiso, sen requebros nin regates á solidariedade.

Non, non sabemos moitas cousas, pero aprendemos que este mundo inzado de mercaderes e sementado coa cegueira social de moitos, non é o noso.

Berramos alto e forte para que nos escoiten, e facémolo porque na nosa obriga de seres humanos está o ser solidarios, para que nunca máis haxa nenos e nenas sen sorriso, que só coñecen o idioma dos choros e da desesperanza, nenos sen escola, sen protección...sen futuro. Pedimos, esiximos que paren tódalas guerras, o sufrimento dos desarriagados, dos refuxiados... dos que non escolleron esa vida senón que esa "non" vida os escolleu a eles.



Non, non sabemos moitas cousas, pero aprendemos, cada día e tódolos días, a facernos preguntas, a busca-las respostas, a sentir, a emocionarnos, e a apreta-los dentes e xogárnola para mellorar este mundo cheo de caries e de ponzoñas.

Non, non sabemos moitas cousas, pero hai unha que non imos esquecer. Queremos espertar cada mañá nun mundo onde pequenos e grandes sexamos donos e protagonistas das nosas propias vidas, onde poidamos loitar polos nosos soños, un mundo onde nos deixen soñar para podermos durmir.


## MANUEL MARÍA (LETRAS GALEGAS 2016)

Antía Cabanas Barja e María Rosario López Fernández

O día das letras galegas é unha data de importancia dedicada a exaltación e promoción da literatura galega. Pero a celebración desta data non sé queda só na nosa terra (onde é recoñecida como unha festividade oficial dende 1991), senón que traspasa as fronteiras chegando a todo o noso país e incluso ó estranxeiro. Este acontecemento celébrase o 17 de maio, pero para que dita celebración chegara a ocorrer, antes pasaron un par de cousas das que imos a falar.

O 20 de marzo de 1963, e coincidindo co centenario da publicación de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro, os académicos Francisco Fernández del Riego, Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo presentaron un escrito a Academia na procura da aprobación da súa proposta. A Real Academia non dubidou en aprobar esta proposta, que se apoiaba na hipótese de que o poemario de Rosalía era a obra máis importante da literatura galega ata a data, e así mesmo a primeira obra do Rexurdimento. Foi entón declarado o 17 de maio como Día das Letras Galegas, e cada ano dende entón, celébrase con moita honra. A primeira figura homenaxeada foi Rosalía de Castro e despois dela, sen interrupción, seguiron moitas das figuras máis representativas de Galicia, as cales son elixidas en Xunta Ordinaria, pola Real Academia Galega.

Este ano homenaxeamos a Manuel María, e para coñecer un pouco máis a esta persoa, vamos a falar un pouco da súa vida e da súa obra.



## VIDA

Manuel María, fillo de dous labregos acomodados, Antonio Fernández Núñez, que foi alcalde de Outeiro de Rei, e Pastora Teixeira Casanova, da parroquia de San Mamede dos Anxos (Lugo). Estudou as primeiras letras na súa vila co mestre Domingo Cabana e en Rábade con Bautista Núñez Varela,



quen o iniciou na literatura galega da man das antoloxías de Uxío Carré Aldao e Álvaro das Casas. Completou as súas lecturas iniciais cos libros do seu pai e do seu tío, o sacerdote Xosé Fernández, párroco de San Froilán. En 1942 trasladouse a Lugo para estudar o bacharelato nos Maristas, grazas a que o seu tío se fixo cargo dos custos. Alí foi alumno de Lázaro Montero. Nos veráns ía en xullo co crego até Cespón (Boiro) para axudalo como sancristán, e alí coñeceu ás irmás de Castelao. O mes de agosto pasábao na casa familiar, onde coñeceu o xornaleiro Manuel de Paderna que lle aprendeu a compoñer versos.

O 20 de marzo de 1949 deu a súa primeira conferencia ao falar sobre Juan Ramón Jiménez no Círculo das Artes, no ciclo de conferencias "Jóvenes valores lucenses", por mediación de Celestino Fernández de la Vega. Publicou o seu primeiro poema no número 2 da revista *Xistral*, que editou xunto co seu amigo Manuel Antonio Sopena.



O seu tío quería que estudase Dereito, mais el prefería facer Filosofía e Letras. Porén, non aprobou os exames de ingreso á Universidade de Santiago de Compostela. Froito deste fracaso foi o seu segundo poemario *Morrendo a cada intre*. O 25 de xullo de 1951, Día de Galicia, asistiu ao Panteón de Galegos lustres en San Domingos de Bonaval, ao primeiro acto de afirmación galeguista durante o Franquismo.

Entre marzo de 1952 e setembro de 1953 realizou o servizo militar, canda a Uxío Novoneyra. Inicialmente no cuartel de Parga (Guitiriz) foi trasladado a Santiago de Compostela para lle dar clases aos recrutas analfabetos. En agosto de 1953 regresou a Outeiro de Rei, e animado por Celso

Emilio Ferreiro comezou a preparar oposicións para o posto de procurador de tribunais. En 1954 gañou os Xogos Florais de Ourense e participou no III Congreso Internacional de Poesía.

En 1958 instalouse en Monforte de Lemos como procurador dos tribunais.

O 9 de maio de 1959 casou con Saleta Goy García na igrexa da Milagrosa, en Lugo.

Nas axitadas décadas de 1960 e 1970 Manuel María participou na reorganización política - na clandestinidade- dos partidos nacionalistas, como o Partido Socialista Galego e a Unión do Povo Galego.

En setembro de 1970 montou canda a Saleta a librería Xistral en Monforte de Lemos, que serviu tamén como punto de venda da cerámica do Grupo Sargadelos. O 19 de abril dese mesmo ano foi elixido membro correspondente da Real Academia Galega, mais renunciou en 1975 ao entender que a institución non estaba á altura que esixía o momento histórico.

Xubilouse como procurador en 1995, e en abril de 1998 foron vivir á Coruña, ao barrio de Monte Alto.

Volveu ingresar na RAG, desta volta como membro de número, o 15 de febreiro de 2003, a proposta de Xose Luis Franco Grande, Ramón Lorenzo Vázquez e Xose Luis Méndez Ferrín pronunciando o discurso "A Terra Chá: poesía e paisaxe".

Finou na Coruña o 8 de setembro de 2004, e logo do velorio no Panteón de Galegos Ilustres foi soterrado en Santa Isabel, Outeiro de Rei.

## OBRA

Manuel María pertence a



literatura da segunda metade do século XX. Non é doado contar en poucas palabras en que consistiu a súa obra, xa que esta, é realmente extensa. Cultivou diversos xéneros e a temática empregada é moi diversa, dende o intimismo, o paisaxismo, o social realismo ou mesmo a preocupación relixiosa entre moitas outras, e como fío condutor de todos estes temas, atópase a construción da patria.

Publicou diversos libros en literatura infantil. Foi sobre todo poeta de modo que a súa obra poética é moi extensa, o seu libro Poemas pra construír unha patria, foi o máis definido na aposta nacionalista. Máis tarde, publica Poemas da Labarada estremecida, no que a temática da súa obra cambia por unha máis madura, na que se preocupa máis pola forma dos versos e na que se produce un regreso á infancia ambientada en Outeiro. Escribiu tamén ensaios sobre diversos escritores. E publicou diversas pezas teatrais en xornais e revistas, nos que empregaba o pseudónimo Manuel Hortas Vilanova. Outras obras que cabe destacar son:

#### Na obra poética:

- *Muiñeiro de brétemas*. Pontevedra: Gráficas Torres, 1950.
- *Terra Chá*. Lugo: Celta, 1954.

#### Na obra narrativa:

- *Historias do empardecer*. Santiago de Compostela: Laiovento, 2003.

#### Na obra dramática:

- *Barriga verde*. Vigo: Castrelos, 1973.
- *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela*. Monforte de Lemos: Xistral, 1981.

#### Na obra infantil e xuvenil:

- *Cando o mar foi polo río*. Vigo: S.M., 1992.
- *Os soños na gaiola: (versos pra nenos)*. Lugo: Cartonajes ANMI, 1958.

#### Na obra ensaística:

- *Noticia da poesía galega de posguerra*. Lisboa. 1972, Sociedade da Língua Portuguesa).
- *Homes, feitos e palabras*. Santiago de Compostela: El Correo Gallego, 1996.

Debemos tamén nomear algúns dos galardóns cos que foi recoñecido ao longo da súa vida, entre os que podemos destacar:

- Os premios “Celanova, casa dos poetas” e “Pedrón de Ouro”.
- O nomeamento de Fillo Adoptivo do concello de Monforte de Lemos.
- A homenaxe ó Escritor na súa Terra.
- Diversos concellos dedicáronlle rúas como é o caso de Outeiro de Rei, Lugo, A Pobra do Caramiñal e Monforte de Lemos.
- No 2013 inaugurouse a súa Casa Museo en Outeiro de Rei, tamén coñecida como a Casa das Hortas (fotos da nosa visita á Casa Museo).

Así mesmo, Manuel María é un dos poetas galegos



máis musicados. Uns dos poemas máis coñecidos por ser musicado foi O Carro, da man de varios artistas como María Manuela, Suso Vaamonde ou Fuxan os Ventos, entre outros.





## PROXECTO ETWINNING: *LET'S COOK TOGETHER*

Departamento de inglés

O ano pasado o noso centro obtivo un Selo Internacional *eTwinning* polo proxecto *Let's Cook Together*. Neste proxecto os nosos alumnos trataban diversos temas sobre as tradicións culinarias dos seus países, os seus propios hábitos alimenticios e compartiron diversa información.



A actividade máis sonada foi cando o alumnado de cada país (Lituania, Polonia e España) realizou receitas propostas polos grupos doutros países. Realizamos varias na aula e algún do noso alumnado realizou algunhas máis na súa casa, compartindo con nós os resultados.



## ETWINNING PROJECTS: *CALL ME MAYBE*

English Department



In this year's Project, [Call Me Maybe](#), we collaborate with three schools from Lithuania, Poland and Ukraine to speak about mobile phones and internet. We have carried out many different activities such as:

- A logo competition to illustrate our Project. The winning picture can be seen above.
- SMS language in English and our national languages, Galician and Spanish in our case.
- A survey about the use of internet. The survey was made, sent and the results were elaborated into a presentation.
- Voki avatars were created to describe our old mobile phones.
- A blog was created to house all the materials.
- History of mobile phones. We spoke and commented about the evolution of this technology and how mobile phones have changed over the years. This evolution is shown in a presentation.
- Chat and video sessions with the students from the partner schools to speak and share views about all these topics.




## DE BURGOS A CANTABRIA

Amparo Veiga Vila

Luz e vida, ese é o lema do Museo da Evolución Humana de Burgos, un dos nosos destinos. Ese foi tamén o lema da nosa viaxe cultural cos alumnos de 4º de ESO.

A luz das vidreiras da catedral de Burgos, dos campos casteláns cubertos de papoulas, das casas de Vivar do Cid, rememorando o camiño do desterro.



A vida agochada entre as formacións caprichosas de Cabárceno coa fauna de todos os continentes, a historia da vida do home contada nas salas do Museo da Evolución Humana e, como non, a vida dos nosos rapaces mirando, asombrándose, xogando no carrusel e na praia e compartindo risas e ilusións.





Agora que iniciades un novo camiño, dende o voso colexio desexámosvos que o voso futuro siga cheo de LUZ E VIDA.

## ENTREVISTA A REID WAGNER

Alumnado das sección bilingües de 3º e 4º de ESO



**DANIEL: Why did you choose Spanish language?**

I chose the Spanish language because it was what I studied in high school, growing up, and when I graduated from my university last summer, I had no plans and I found out about this program and I decided to come to Spain.

**SANDRA: When did you decide to come here?**

When did I decide? I decided last year in January, and I decided because I wanted to learn more Spanish, work with kids and help teach English.

**LUCÍA: Was the decision to come to Spain difficult?** Yes, it was a little bit difficult because I had just moved into a place with my brother and my cousin and I enjoy living in Seattle. But, at the same time I did want to live in a different country and learn a new language and meet different people. So, it was easy to make the decision on one hand, but it was tough to leave family behind.

**JOSEFINA: What was the first thing that you visited in Spain?**

The first place I visited was...well, I came to Galicia first but after that, the first vacation that I took was to the Picos de Europa.

**FRANCISCO: What is your favourite thing about Spain?** I think my favourite thing is probably the food and the people, because a lot of the foods that are in Spain we don't have in States, and tapas are fun to go get. And the people in Galicia especially are very kind, everyone on the street says hello, so that's nice, It's a big change from a big city.

**XACOB: What is the thing you miss most about the USA?** Probably my family. I really miss my brother and my cousin and miss living with them. Sometimes I miss being able to travel with a car or a lot of public transportation because there are so many beautiful places in Galicia, in Asturias, in the north of Spain... But sometimes it's difficult get to them without a car, or a friend with a car.

**ALBA: What do you like to do in your free time here in Galicia?** In Galicia I like to go fishing in my free time and I like to meet friends in Lugo and, go have a drink or a tapa and yeah!

**JAVIER: Can you talk and write in Spanish?** “*Sí, un poco.*” I’m also learning many words in Galician like *Bo día, Boas noites* and an expression that the primary children say, *Que fago profe?*

**ANTÍA: How would you describe Galician people?** I would say Galician people, and maybe people in the north of Spain, seem to mimic the north of the United States also. The people there are very reserved in the north, or more reserved than people in the south and it seems to be similar here. But, Galician people that I’ve met are very kind, when you’re walking on the street everybody will be kind to you and say hello, if you enter into a store they’re very friendly, and will help you out. And sometimes living in a big city, you don’t get that vibe from people, just being kind on the street or things like that.

**JENNIFER: If you can take back with you one Spanish custom to the USA what would it be?** Probably the “*tapas.*” That seems to not really be a custom anywhere else and, if I can get people to start doing that, maybe my brother since he’s a chef, maybe he can open a restaurant with “*tapas.*” That would be great.

**CARLA: Will you remember this as a positive experience?**

Definitely. Yes, definitely. I will always remember this experience living in a different country other than my own and... and just being able to now communicate with people in a different language, it’s opened so many more opportunities because you’re able to connect with people from different places, and being able to work with kids and people from different parts of the world has been very positive.



Watch the video at: <http://seccionsociais.blogspot.com.es/2016/04/interview-to-reid.html>

## ACTIVIDADES DIVERSAS DESENVOLVIDAS ESTE CURSO

**15/09/2015** Entrega dos diplomas polo selo de calidade europeo *eTwinning* polo proxecto *Let's Cook Together* (4ºESO)



**17/09/2015** Apañando marmelos no patio do colexio



**18/09/2015** Facendo doce de marmelo



**29/09/2015** Ruta a Ferreira – 6º Primaria





**01/10/2015** Xogos coa plastilina



**13/10/2015** Sesión cultural de inglés (3º e 4º de ESO)



16/10/2015 Magosto



23/10/2015 Sesión na biblioteca (1º ESO)




**26/10/2015** Exposición de cabazas

**29/10/2015** Halloween con Reid Wagner na ESO e exposición de cabazas



**04/11/2015** Día da ciencia. Videoconferencia para alumnado de ESO



**11/11/2015** Club de lectura sobre *O agasallo de Anya*



**16/11/2015** Charla da Garda Civil sobre internet



**25/11/2015** Celebración do día internacional contra a violencia de xénero

**04/12/2015** Sesións do Club de lectura



**09/12/2015** Exposición sobre os Bosques en Lugo (ESO)



**09/12/2015** Visita á Fundación TIC en Lugo (ESO)




**14/12/2015** Sesión sobre *O soño de Xiana*



18/12/2015 Festival de Nadal



**18/12/2015** Obradoiros de Nadal na ESO



**20/01/2016** Conversa cos pais-6º de Primaria



**26/01/2016** Asistencia dos cursos de 4º, 5º e 6º de Educ. Primaria a Alice no auditorio



**28/01/2016** Charla de *STOP Accidentes*

**29/01/2016** Sesión do Club de lectura sobre *The Woman in White* (3º e 4º ESO)



**03/02/2016** Alumnado de Educ. Infantil asiste no auditorio a *Tristán cara de can*

**07/02/2016** Celebración do Entroido

**12/02/2016** Sesión do Club de lectura sobre *The Canterville Ghost* (1º e 2º ESO)



**14/03/2016** Día da árbore: plantación dun castiñeiro e escolla do seu nome

**Abril 2016** Feira do libro

**20/04/2015** Exposición de Shakespeare na biblioteca (ESO)




**27/04/2016** Charla de Navega con Rumbo para 5º e 6º de Educ. Primaria e 1º e 2º de ESO

**03/05/2016** Sesión do Mago David en Educación Infantil



**04/05/2016** Sesións do Club de Lectura




**05/05/2016** Excursión á Casa Museo de Manuel María en Outeiro de Rei (ESO) ( Hai máis fotos no artigo correspondente sobre esta viaxe)



**06/05/2016** Sesión do Club de Lectura (ESO)



**10/05/2016** Asistencia de 5º e 6º de Educ. Primaria a Estamos no verán no auditorio e visita á exposición de ósos de animais na Facultade de Veterinaria



**11/05/2016** 1º, 2º e 3º de Educ. Primaria asistiron á Aula da Natureza do Veral

**13/05/2016** Mural das Letras Galegas

25/05/2016 Saída de Educ. Infantil á Casa na árbore de Anxo Moure



25/05/2016 4º, 5º e 6º Educ. Primaria visitaron os museos científicos da Coruña




**26/05/2016** Actuación de Migallas coa súa obra Pan de millo na Casa da Cultura para o alumnado de Edu. Infantil e Primaria



**27/05/2016** Saída a Oviedo do Club de Lectura

**02/06/2016** Charla de ACNUR para Educ. Primaria e ESO así como celebración dun mercadillo solidario

06/06/2016 a 09/06/2016 Excursión de 4º de ESO a Burgos e Cantabria (Máis fotos no artigo correspondente)





**14/06/2016** Entrega de diplomas ao alumnado de Educ. Infantil



**15/06/2016** Presenza de Anxo Moure na biblioteca



### ORLA DE 4º DE ESO



Juan Arias Rodríguez



Antía Cabanas Barja



Josefina Feito Neris



Martín Fernández López



Ángel Fernández Rodríguez



Carla Fernández Rubio



Iván López Besteiro



María Rosario López Fernández



Rocío López Pardo



Sandra Nuñez Fabregat



Javier Paz Bao



Óscar Pérez Pérez



Raúl Roa Fernández



Laura Rodríguez Buján



David Rodríguez Corredoira



Daniel Rodríguez Liz



Adrián Somoza Couso



Luis Somoza Couso



Diego Vázquez Vázquez



Jennifer Vázquez Vázquez



Lucía Villar Pérez

# CPI Tino Grandío 2016 - ESO



Sarah E. Adams



Ana Belén Álvarez



Ana Arias



Maite Asorey



Hortensia Barcia



Jaime Bordonaba



Ana Isabel Carballas



Silvia Carballido



Aurelia Diez



Pascuala Dorado



Teresa García



María Guerreiro



Rosario Fernández



Taylor Matherly



Ana Ónega



Beatriz Paderna



Doris Peiró



Mª Pilar Quiroga



Bruno Real



Marta Rodríguez



Manuel Ulloa



Damían Varela



Carlos Vázquez



Reid Wagner



Amparo Veiga